



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ACTA DA SESION DA CONSTITUCION DA XUNTA DE GOBERNO  
LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 15 DE XUÑO DE 2011.-**

Na Casa do Ilmo. Concello de Ribadavia; ás unha e media do mediodía do día quince de xuño do dous mil once, xúntanse os señores os concellerios que de seguido se sinalan para celebra-la sesión de constitución da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge, oportunamente convocada: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández e o Interventor, Don Vicente Soto Rodriguez.

O obxecto desta xuntanza é a celebración da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no artigo 112.1 do ROF, do 28 de Novembro de 1986.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia unha vez comprobado polo Secretario a existencia de quorum para que poida comezarse, o Sr. Alcalde dispón que polo Secretario sexan leídos os preceptos legais que sexan de aplicación, dándose lectura ós artigos 23 da L.B.R.L e 52, 53, 112 e 113 do ROF.

Rematada a lectura dos preceptos legais citados así como a Resolución da Alcaldía de designación de membros de data 14 de Xuño de 2011, o Sr. Alcalde declara constituída a Xunta de Goberno Local, integrada polo Sr. Alcalde que a preside, Don Marcos Blanco Jorge e os seguintes Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Os membros integrantes da Xunta de Goberno Local, acordan por unanimidade celebra-las sesións ordinarias tódolos luns de cada semana, ás trece horas; no suposto de que o devandito luns fose festivo, celebraríase a sesión o día seguinte hábil.

Seguidamente os membros da Xunta de Goberno Local dáse por enterada das atribucións que lle delega o Alcalde en virtude do Decreto de data do 14 xuño en curso.

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión, do que, coma Secretario, certifico.